

Programación cultural *Oleiros*

febreiro-maio
2020



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org

VII CICLO DE MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

● **Sábado 1 de febreiro**
ás 20:30 horas

● **Auditorio da Fábrica,**
Perillo

SON TRÍO

“Miña Almiña”

.....



Son Trío lanza o novo álbum ***Miña almiña*** con música orixinal e letra de Rosalía de Castro, que sorprende coa súa profundidade e emociona ao público.

A súa música é intimista e contemporánea, e viaxa entre estilos desde o clásico ata o jazz facendo soar os poemas do século XIX como se fosen escritos hoxe.

Son Trío está composto por tres músicas: Katerina Linke (piano e composición), Su Garrido Pombo (voz) e Susanna Blanco (cello). Os seus estudos e influencias pasaron pola música clásica, jazz, folk, cantautor, bossa... e contan con varios premios como grupo e tamén individualmente.

Na xira de presentación do disco *Miña almiña* 2020 están a ofrecer un repertorio no que interpretan 9 cancións orixinais sobre a letra do poemario de Rosalía de Castro *Follas Novas*, complementándoo con cancións doutros poetas galegos e versións de cancións populares.

Prezo: 2,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

VII CICLO DE MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

• **Sábado 8 de febreiro**
ás 20:30 horas

• **Auditorio da Fábrica,**
Perillo

CÉSAR DE CENTI

“Bailando el incendio”
.....

O cantautor coruñés César de Centi cumpre dezaioito anos nos escenarios e celébrao presentando o seu novo traballo ***Bailando el Incendio***, e para iso rodéase da súa banda: batería (Óscar Quintans), baixo (Juan Aparicio), teclado (David Taboada) e guitarras (Diego Barral) e Antonio Facal (Violín).

Bailando el Incendio é un disco que fala do oficio dun músico.

Habitual da escena galega e nacional do xénero da canción de autor, grava o seu primeiro traballo en 2008 *Principios y declaraciones* e edita en 2013 *La luz de los gigantes* financiado mediante un *crowdfunding*.

Formou parte dos proxectos de Cincoparedes e “A viaxe da palabra que non era valente” e tocou en festivais de prestixio como o Noroeste, Barnasans, Santiautor ou Sadautor entre outros. O novo traballo levarao por todo o país.



Prezo: 2,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

VII CICLO DE MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

• **Sábado 15 de febreiro**
ás 20:30 horas

• **Auditorio da Fábrica,**
Perillo

TANXUGUEIRAS

Partindo dun coñecemento rigoroso da tradición e das músicas de transmisión oral,

entre Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro dáse un encontro único onde a maxia, a naturalidade, a espontaneidade e a comuñón musical xorden desde o primeiro minuto e fan que revolucionen o panorama musical galego.

O mundo da pandeireta e o baile está a vivir en Galicia un momento irrepetible, cada vez máis xente se está achegando a este tipo de sentir e facer. O que fan Tanxugueiras é achegalo dun xeito doado, natural, cun empaste nas voces pouco común, cuns arranxos elegantes e coidados, cun son grande e cristalino, cun agarimo inusual, cunha tímbrica instrumental que conecta oriente e occidente, con intelixencia e humor. E, sobre todo, con moito amor.

Con máis de 50 concertos en 2018 e unha importante xira tanto polo país como polo estranxeiro, visitando Glasgow, a India, Cuba e Suíza, Tanxugueiras convértese nun referente e no grupo revelación da música tradicional galega.



Prezo: 2,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

VII CICLO DE MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

● **Sábado 29 de febreiro**
ás 21.00 horas

● **Auditorio da Fábrica,**
Perillo

RAQUEL CAPOTE
“Homenaxe á Troba
Cubana”.....



Un concerto de homenaxe ao espírito trobador cubano coma necesidade de navegar no tempo cara a un legado sublime que nace hai case cen anos. A estela da Troba Tradicional é fonte de inspiración e antecedente de movementos musicais tan importantes como o Feeling e a Nova Troba.

O repertorio é unha primeira selección de cancións belísimas de compositores como Sindo Garay, Silvio Rodríguez, Eusebio Delfín, Pablo Milanés, Teofilito, María Teresa Vera, Marta Valdés, Noel Nicola, Marcelino Guerra, Teresita Fernández, José Antonio Quesada e Santiago Feliú.

Acompañan a Raquel neste concerto grandes e queridos músicos: Ángel Martínez no piano, Amaury Quintero na percusión e Juan Pérez Villavicencio no baixo. Como invitados Rogelio Acosta na guitarra, Alberto Laso no sitar e algunha sorpresa que seguro vai encantar ao público asistente.

Prezo: 2,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 20:00 horas, ata completar a capacidade da sala).

VII CICLO DE MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

- **Sábado 7 de marzo ás 20:30 horas**
- **Auditorio da Fábrica, Perillo**

REBECA JIMÉNEZ

“La Mexicana”

Rebeca Jiménez, segoviana de nacemento, mexicana de corazón. Cun estilo persoal que leva desde o pop-rock con matices soul ata as rancheiras, e unha voz inconfundible, Rebeca preséntanos o seu #RockRanchero.

Colaborou con Neil Young, John Fogerty, Miguel Ríos, Andrés Calamaro, Coque Malla, Rubén Pozo, Leiva, MClan e un longo etcétera de artistas.

No directo é onde mellor se desenvolve e puido mostrar as súas cancións en lugares como Nova York, China, México e todos os recunchos de España. Precisamente o seu amor por México levouno a render unha homenaxe en forma de cancións que ela sente moi dentro, xa que desde pequena canta temas do folclore latinoamericano.

Fervente admiradora de Chavela Vargas, Rebeca presenta os adiantos do seu novo traballo **“La Mexicana”**. Toda unha viaxe musical chea de emoción e sorpresas que tardarán tempo en esquecer. Escoiten o que esta moza de voz de “areoso veludo” ten que contar.



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

- **Sábado 14 de marzo ás 20:30 horas**
- **Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

ButacaZero “Despois das ondas”

.....

Autoría: Ernesto Is

Dirección: Xavier Castiñeira

Elenco: Belén Constenla, Nerea Brey, Sonsoles Cordón, Roi Fernández, Beatriz de Vega e Ernesto Is

Xénero: drama

Duración: 75 minutos

Público: maiores de 12 anos

Sinopse: Despois da guerra, do exilio, da morte, do éxito, da soidade, do amor; despois de corenta anos, María Casares regresa á patria da súa infancia nunha xira teatral. A nena medrou para converterse na grande actriz da escena e do cinema francés, no símbolo da España refuxiada, no recordo dunha Galicia perdida na brétema do pasado. Será precisamente nesa néboa onde a gran Casares deberá perderse para atopar o significado dunha vida chea de éxitos e perdas, onde as pantasma que resoan na súa memoria axudará a responder á verdadeira razón desta viaxe: quen é María?. Nesta peza mesturando cine en directo, teatro e música poderemos percorrer os lugares e momentos da vida de María Casares na súa viaxe de retorno tras corenta anos de exilio.



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

- **Sábado 21 de marzo ás 20:30 horas**
- **Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

LA MACANA “*Pink Unicorns*”

.....

Autoría e dirección:

Caterina Varela, Aléxis Fernández e Samir Akika.

Elenco: Aléxis Fernández e Paulo Fernández

Xénero: danza

Duración: 60 minutos

Público: maiores de 12 anos



Sinopse: A nova creación de La Macana pon enriba do escenario o propio Aléxis co seu fillo de catorce anos. Un auténtico desafío que nos fará gozar das marabillas da relación pai e fillo, da pericia de cada un.

As ganas de ambos os dous Fernández de compartir escenario é unha oportunidade. A oportunidade de vernos a nós mesmos reflectidos neles, pais e fillas, nais e fillos.

A oportunidade ademais de gozar de dous corpos nados para o movemento.

Pink Unicorns conta coa coprodución do Agadic en Galicia e de dous importantes teatros en Alemaña: o Theater im Pumpenhaus e o Theater Bremen.

Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

● **Sábado 28 de marzo ás 20:30 horas**

● **Auditorio Gabriel García**

Márquez, de Mera

MALASOMBRA

PRODUCCIÓNS “Bernarda”

Autoría e dirección: José Prieto

Elenco: Luisa Merelas, Celia González
e Sabela Arán

Xénero: drama **Duración:** 75 minutos

Público: maiores de 12 anos



Sinopse: *Bernarda* recolle o punto de partida de “*La casa de Bernarda Alba*”, escrita por Lorca en 1936, unha muller que queda viúva con fillas mozas e decreta un rigoroso loito, pero traslada a acción a unha vila de Galicia case corenta anos máis tarde, en 1975, no que as ansias de cambios chocan coas tradicións máis arraigadas, como é neste caso, o loito. Bernarda, ao quedar viúva, tenta que todo siga sendo igual que sempre. Non entende a música yeyé, as minisaias, os guateques, nin ningunha das novas modas da xuventude da época, e a súa reacción é clara: “Mentres eu viva, nesta casa non vai cambiar nada e as cousas vanse facer como se teñen que facer”. *Bernarda* é unha historia comprensible e universal, un choque xeracional, que neste caso está sustentado pola interpretación das tres actrices do espectáculo, onde Luisa Merelas, unha das mellores actrices do teatro e audiovisual galego, dará vida a Bernarda, o eixo da historia, e que estará secundada por dúas actrices emerxentes e talentosas (Sabela Arán e Celia González), que serán as encargadas de encarnar ás súas fillas.

Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

- **Sábado 4 de abril ás 20:30 horas**
- **Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

GRUPO ESTABLE DE TEATRO (Concello de Oleiros) “Breves diálogos sobre o amor”

.....

Dramaturxia: Creación Colectiva

Dirección: Ramiro Neira

Imaxe: Sabela Ramos

Elenco: Conchi Fernández (Valentina), Natacha Ceias (La Lola), Manuel García (Salvador), Silvia Larrosa (Socorrito), Gladys Pérez (Doutora Ada), Pilar Pérez (Ofelia), Nelly Rivas (Blanquita), Marisa Barros (Nicola), Lucía Barcos (Luzbel), Juan Otero (Don Ramón), Benita Trillo (Mercedes), Cristina Collazo (Clara), Antonio González (Rodrigo), Juan Naya (Don Xoán), Olga Coroas (Cayetana) e Sonia Ínsua (Rebeca).

Xénero: traxicomedia **Duración:** 75 minutos

Público: maiores de 12 anos

Sinopse: As relacións humanas están predestinadas por un fío vermello que os deuses atan aos dedos maimiños daqueles que se atoparán na vida. De acordo á lenda, as dúas persoas conectadas por este fío terán unha historia importante, sen importar o lugar, o tempo ou as circunstancias. O fío vermello pódese enredar, contraer e estirar, como seguramente a miúdo ocorre, pero nunca se pode romper.



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

- **Sábado 18 de abril ás 21.00 horas**
- **Auditorio da Fábrica, Perillo**

FESTIVAL ELAS SON ARTISTAS *“TéCanela”*

A terceira edición do ***Festival Metropolitano pola Igualdade na Música e nas Artes Elas Son Artistas*** ofrece a oportunidade de ver e escoitar por primeira vez en Oleiros o dúo **TéCanela**.

Formado en Barcelona por Ariadna Rubio (zaragozana) e Jano Fernández (cántabro). En pouco tempo están logrando chegar coas súas letras a moitísimas persoas que seguen atentamente o que se move na música de autor actual con artistas como Rozalén e El Kanka á fronte.

Rumba, ironía, diversión e a voz espectacular de Ariadna farán deste concerto unha cita que quedará na memoria.



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 20:00 horas, ata completar a capacidade da sala).

- **Sábado 25 de abril ás 20:30 horas**
- **Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

TEATRO DO ATLÁNTICO

“A conquista da escola de Madhubai”

.....

Autoría: Hélène Cixous

Dirección: Xúlio Lago

Elenco: María Barcala,
Sheyla Fariña e César Goldi

Xénero: drama

Duración: 85 minutos

Público: maiores de 12 anos



Sinopse: Sakundeba, bandida, perseguida pola policía e polo exército, acusada do asasinato de máis de trinta homes que a violaran tempo atrás e de numerosos asaltos a man armada, preséntase na humilde morada de Pandala, unha sabia anciá que a criou cando era nena e que é a única persoa no mundo na que confía. Pídelle quedar durante dous días agochada na súa casa, para poder meditar con tranquilidade que decisión tomar nunha disxuntiva transcendental que se lle presenta. Sen tempo para que ela puidese reflexionar, aproxímase xa ao lugar un Ministro do Goberno, que fora o provocador da disxuntiva e que vén demandar unha resposta.

A autora inspírase na historia de Phoolan Devi, coñecida como “a raíña dos bandidos”, quen foi unha destacada referencia para o feminismo autóctono indio.

Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

- **Sábado 9 de maio ás 20:30 horas**
- **Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

Compañía EXIRE e Compañía ENTREMANS **“Médula”**.....

Autoría, coreografía e dirección: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

Elenco: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

Xénero: danza

Duración: 50 minutos

Público: adultos/as



Sinopse: Médula propónse viaxar á orixe do feminino, alegando todo aquilo que nos fai ser o que somos, tecendo o belo e o imperfecto da nosa calidade humana.

A peza fala de todas aquelas pegadas que vai deixando en cada muller aqueloutra que lle precedeu. Vertebradas desde o primeiro son, o rumoreo, as cancións, os relatos das nosas avoas e nais, segredos gardados na pel e nos ósos. Guerreiras e salvaxes, coidando do máis prezado para continuaren vivas e postergámonos nas seguintes.

“Médula” achega a danza ás vidas de todas/os. Volve ás lembranzas das nosas devanceiras conectando unha proposta física que parte da poética de cada artista e propón a riqueza da mestura de calidades de movemento diferentes, co imaxinario de todas, achegando así a danza ao público a través de sensacións comúns.

Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

- **Sábado 16 de maio ás 20:30 horas**
- **Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

TEATRO DA RAMBOIA

“O meu mundo non é deste reino”.....

Obra gañadora do 1º certame de proxectos teatrais da Fundación Manuel María.



Autoría: Adaptación da Farsa de Bululú de Manuel María

Dirección: María Peinado

Elenco: Anxo García e Fran Lareu

Xénero: comedia **Duración:** 85 minutos

Público: maiores de 14 anos

Sinopse: Uns feirantes chegan ao que chaman fogar logo dun día de traballo. Son Camilo e Tomás, dous monicrequeiros que levan o mesmo espectáculo unha e outra vez polas vilas do país. Carretan ás costas un enorme “tutilimundi”. A disxuntiva de abril convérteo nunha caixa de pandora latente. Contar e dar vida ao que contén supón a única vía de escape dos totalitarismos que os oprimen, un xeito de sobrevivir nun reino militarizado sen trazas de lóxica humanística. Ábreño. As marionetas emerxen da farsa como alegorías incontrolables e esperpénticas dunha realidade pasada. A comedia ábrese paso, ata que todo remata. Mais Camilo e Tomás volverán representar a súa farsa, o tutilimundi volverá a abrirse e a historia volverá comezar.

Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollerse a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Auditorio da FÁBRICA



Rúa do Inglés, nº 13
Perillo

Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ



Rúa do Chelito, s/n
Mera/Serantes

Teatro AS TORRES



Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 17
Santa Cruz/Liáns

- Prégase puntualidade. Por respecto aos e ás artistas e ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.

- En atención á lexislación vixente será de obrigado cumprimento o respecto á capacidade máxima de cada sala.

- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.

- Os móbiles permanecerrán apagados durante o espectáculo.

- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.

- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

galicia



Xacobeo 2021

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística